

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A ÁREA SANITARIA COMPOSTELÁ MULTIPLICA A SÚA CAPACIDADE DIAGNÓSTICA DE COVID-19 COA INCORPORACIÓN DE TECNOLOXÍA DE ÚLTIMA XERACIÓN

- ***É o primeiro hospital galego en recibir os 8 compoñentes da estación robótica que permitirá procesar 2.400 mostras ao día máis***
- ***Trátase dunha doazón dun grupo de empresas, doantes anónimos e fundacións que apoiaron o denominado proxecto CovidRobots***
- ***En Santiago programárase tamén para realizar pooles, o que multiplicará por 10 a súa capacidade diagnóstica***
- ***Microbioloxía de Santiago co-dirixiu un estudo nacional sobre a utilidade do uso de pooles***

**Santiago, 29 de maio de 2020-** A sanidade pública compostelá continúa a incrementar a súa capacidade na atención sanitaria á pandemia do Covid-19. Así, esta semana o servizo de Microbioloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago foi o primeiro galego en recibir os 8 elementos da estación robótica de última xeración con capacidade para procesar 2.400 mostras ao día, coa que diagnosticaremos maior volume de poboación con posible afectación por COVID-19 dun xeito rápido, eficaz e fiable”, segundo a xefa deste servizo, Mariá Luisa Pérez de Molino.

A posta en marcha destes robots de última tecnoloxía baixo as características *open source* responde á necesidade de dinamizar a realización de test de coronavirus, para superar o efecto embudo no procesamento das mostras. “O *open source* permite adaptar os robots aos protocolos establecidos en cada hospital, podendo utilizar reactivos de calquera marca comercial, o que nos facilitará o traballo”, destaca a Dra Pérez del Molino.

#### **Técnica pooling**

Ademais da automatización dos protocolos habituais, no Servizo de Microbioloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago Hospital Clínico vaise engadir unha nova función e automatizárase para a realización de *pooles* de mostras, o que aumenta a potencia da capacidade de diagnóstico dez veces máis. Neste senso, o servizo de Microbioloxía do CHUS, conxuntamente co Hospital San Cecilio de Granada coordinou un estudo nacional para avaliar a posibilidade de utilizar *pooles* no diagnóstico da infección por CoVID-19 na poboación xeral asintomática con baixa prevalencia.

Os resultados preliminares deste estudo, no que participaron 11 hospitais de Andalucía, Galicia, Comunidade de Madrid e Canarias, aumentan significativamente a capacidade de diagnóstico dos laboratorios sen menoscabar a sensibilidade e especificidade das diferentes técnicas comerciais utilizadas e serán presentados á Sociedade Española de Enfermidades Infecciosas e Microbiología Clínica (SEIMC) co fin de poder facer as recomendacións pertinentes para o seu uso, xa que é un obxectivo prioritario do estudo poder garantir a seguridade e precisión dos resultados obtidos con esta estratexia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“Así mesmo, -subliña María Luisa Pérez del Molino- de forma innovadora en Santiago, adaptaremos este robot para a automatización da realización de liberías que se utilizarán na secuenciación masiva (NGS) do SARS-CoV 2 e de bacterias multirresistentes, o que resultará de grande interese no control das enfermidades infecciosas”.

### Doazón colectiva

Estes mesmos robots veñen de chegar ao Hospital Marqués de Valdecilla de Santander, Hospital Universitario Nosa Señora da Candelaria de Tenerife, Hospital Universitario de Badajoz, Hospital Rexional Universitario de Málaga e xa están en funcionamento no organismo de Investigación de Saúde Carlos III e os centros sanitarios A Paz (Madrid), Hospital Vall d’ Hebrón e Hospital Clínic (Barcelona).

Trátase dunha doazón dun grupo de empresas, doantes anónimos e fundacións, que crearon un fondo conxunto de apoio ao proxecto CovidRobots, para a compra, instalación, soporte e mantemento destas estacións robotizadas. O proxecto CovidRobots foi impulsado por cinco profesionais de diferentes ámbitos: Rocío Martínez, Investigadora principal en King’ s College London; Andreu Veà, profesor investigador e pioneiro na internet; María Parga, Presidenta de Alastria, Javier Colás, Director de innovación do Health Care Institute de ESADE Business School e Sandra Figaredo, Consultora Senior da consultoría de Comunicación e Asuntos Públicos LLYC. Nesta fase o proxecto contou co fondo de doantes como Merlin Properties, Endesa, Banco Santander, Experis- ManpowerGroup, Liña Directa Aseguradora, Telefónica, Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Auren e doantes anónimos. A loxística correu a cargo do Grupo Inditex co apoio de CEVA e SEUR.

Ademais, nesta fase, o proxecto contou co apoio da Consultoría de Comunicación e Asuntos Públicos LLYC e da súa Fundación. Por parte da Administración, desde o Ministerio de Ciencia e Innovación, a través, do Instituto de Saúde Carlos III, facilitáronse as tarefas de importación. Tamén se contou coa axuda do Ministerio de Facenda e do Ministerio do Interior. A nivel autonómico colaboraron os servizos públicos de saúde galego (SERGAS), extremeño, andaluz, balear e canario, a presidencia da Generalitat Valenciana e a vicepresidencia de Cantabria.

**Saúdos,**